

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE ELEMENTOS DA CUBERTA DA CASA CONSISTORIAL (FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL).**

Sendo as 13:00 horas do día 30 de marzo de 2009, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García e actuando como vocais:

- Don José Fernando Piñeiro Díaz, Concelleiro delegado da Área de Infraestructuras.
- Don José Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Don Jaime Castiñeira Broz, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Don Xosé Manuel Cao Rei, Adxunto do Servizo de Intervención.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Xefa da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como secretario.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario informar que unha vez transcorrido o prazo concedido á empresa CORBELLE Y CASTRO, S.L., a fin de que subsanase o bastanteo de poder, así como para achegar o certificado de clasificación empresarial, xa que tan só achegaba a solicitude, manifestando que non consta que procedese a subsanar tales deficiencias.

Na súa consecuencia os membros da Mesa acordan propoñer a exclusión de dita oferta e proceder á apertura das outras ofertas, sendo o seu resultado o seguinte:

- TÉCNICOS UNIDOS PARA LA CONSTRUCCIÓN, S.A. TUCONSA, propón como prezo do contrato a cantidade de 487.832,50 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 34.148,28 euros, un prazo de execución de 6,5 meses así como a empregar 13 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 4 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

- ECOSERVICIOS Y BIOCONSTRUCCIÓN ATLAS, S.L., propón como prezo do contrato a cantidade de 487.832,50 euros, IVE incluído, unha

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**

MLA/jlgn

Refº: ACTA APERTURA OFERTAS ECONOMICAS CUBERTA CASA CONSISTORIAL.doc

Asunto:

cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 27.600 euros, así como a empregar 9 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 4 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

Tras un examen completo das ofertas, os integrantes da mesa, acordan enviar as ofertas a informe de EVISLUSA, a fin de que valore os seguintes criterios de adxudicación:

**Garantías adicionais ofertadas polo contratista; Importe de execución material destinado ó Control de Calidade; Prazo de execución das obras; Estudio Técnico das obras; Equipo Técnico adscrito á obra.**

E ós Servizos de Contratación e Intervención para valorar os criterios: **Número de traballadores con contrato anterior á publicación do Real Decreto-Lei 9/2008 (2 de decembro de 2008) adscritos á obra e novos traballadores en situación legal de desemprego que se compromete a contratar a empresa para a realización da obra; Cantidade económica destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato.**

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz